

Xestionado por [Vieiros](#)

35 CABODANO DO PINTOR

Lugrís, sempre no corazón do océano

Antón Patiño publica unha biografía do pintor coruñés, baixo o título de 'Viaje al corazón del océano'.

Redacción - 10:30 26/12/2008

A edición de *Viaje al corazón del océano* coincide tamén co centenario do nacemento de [Urbano Lugrís](#). Patiño homenaxea a Lugrís, un dos artistas galegos máis orixinais, pero tamén ao seu propio pai, amigo persoal de Lugrís. O libro é a culminación de quince anos de investigación e constitúe unha achega interdisciplinar ao pintor coruñés: ensaísta da historia da arte, pintor, poeta... Repasa toda a creación de Lugrís, desde as súas pinturas e debuxos ata os seus deseños para libros e revistas e os seus textos literarios, así como aproximacións que os críticos deixaron da súa obra.

A obra, editada pola editorial Nigratrea, é unha revisión ampliada e en castelán da obra en galego que o pasado ano editara con Edicións do Castro. Como peculiaridade, presenta o primeiro poema de Urbano en galego, do ano 1930, unha incorporación que non figuraba no libro anterior.